


Letras Galegas-2010



UXÍO NOVONEYRA

Unidades didácticas

CEIP A LAXE(MARÍN)

Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística

FONTES DIXITAIS

www.uxionovoneyra.com

biografía, poemas, vídeos, recitais

www.realacademiagalega.org

biografía, bibliografía

<http://sondepoetas.blogspot.com>

tres poemas cantados

<http://centros.edu.xunta.es/ceipcondesadefenosa/bibliocondesa>

Aquí atoparemos un LIM(Libro interactivo multimedia), é dicir, unha actividade completa da vida e obra de Novoneyra que podemos realizar en liña.

<http://centros.edu.xunta.es/ceipdeandrade/actividades/webquest/Plantilla%20Webquest/index.htm>

Interesante webquest de U. Novoneyra para 3º ciclo de E. Primaria da Biblioteca do CEIP de Andrade.


<http://seminariogalan.org/inicio/ver/122>

Actividades LIM 1º Ciclo Primaria




<http://seminariogalan.org/inicio/ver/123>

Actividades LIM 2º Ciclo Primaria



<http://seminariogalan.org/inicio/ver/124>

Actividades LIM 3º Ciclo Primaria



<http://seminariogalan.org/inicio/ver/141>

Caderno de actividades E.Infantil

<http://seminariogalan.org/inicio/ver/133>

Caderno actividades 1º Ciclo Prim

<http://seminariogalan.org/inicio/ver/134>

Caderno actividades 2º Ciclo Prim

<http://seminariogalan.org/inicio/ver/135>

Caderno actividades 3º Ciclo Prim

Bibliografía


Uxío Novoneyra. Os Eidos. Edit. La Voz de Galicia. Biblioteca-120 Galega. A Coruña,2002

Uxío Novoneyra. O cubil do xabarín.Edit. Edelvives. Col. Ala delta. Zaragoza, 1991

Uxío Novoneyra. Ilda, o lobo, o corzo e o xabarín. Edit. Edelvives. Col. Ala delta. Zaragoza, 1998

VIDA E OBRA

Uxío Novoneyra nace o 19 de Xaneiro de 1930, na aldea de **Parada de Moreda**, en plena serra do **Courel**, dentro dunha familia labrega acomodada.



En 1945 trasládase, durante o período escolar, a Lugo para estudar o bacharelato, que remata en 1948. Neste último ano coñece nesta cidade ó seu compañeiro de xeración, o escritor da

Terra Cha **Manuel María**.

De 1949 a 1951 está en **Madrid**. Esta xeira madrileña é unha etapa de formación cultural, en gran parte autodidacta, na que empezará a escribir en castelán.

En 1952 Novoneyra **volve a Galicia** para facer o servizo militar, con estancias en **Santiago de Compostela**, **A Coruña** e **Lugo**, coincidindo outra vez con Manuel María. As experiencias composteláns son fundamentais pois espertan no escritor unha nova **conciencia galega** que se vai forxando en contacto con figuras como o pintor **Carlos Maside**, o ensaísta e ideólogo **Ramón Piñeiro** e a figura polifacética e patriarcal de **Ramón Otero Pedrayo**.

É precisamente este contacto co galeguismo, xunto coa volta ao Courel durante unhas vacacións no ano 1952, o que motiva o autor para escribir en galego. A continuación, de 1953 a 1962, permanece no seu lugar de nacemento tendo que gardar repouso a causa dunha pleuresía. Nesta situación de soidade nace o ciclo poético courelán, que se inicia co libro ***Os eidos*** (1955), escrito entre 1952 e 1954.

No período que vai **de 1962 a 1966** o escritor vive en **Madrid**.

Nesa capital traballa na **radio e na televisión** sempre en programas relacionados coa poesía galega, española ou universal. Nesta época nace o libro ***Elegías del Laurel y outros poemas*** (1966), en edición bilingüe.

En 1966 retorna **de novo ao Courel**, debido á enfermidade dos seus proxenitores, e xa desde este momento quedará a vivir en Galicia. En 1968 coñece en Lugo a Elva Rei coa que **casará en 1973**. A parella terá logo **tres fillos**, Branca-Petra, Uxío e Arturo, e residirá ata 1983 entre Lugo e O Courel. Daquela recolle os poemas do ciclo courelán posteriores á publicación do primeiro libro, escritos entre 1954 e 1957, que, xunto con outros máis recentes de marcado signo político, conforma a obra titulada ***Os eidos 2*** (1974), ilustrada con debuxos de Laxeiro e dedicada á memoria dos seus pais e de María Mariño. Logo, as dimensións políticas e gráfico-visual aparecen conxugadas no seu seguinte libro, ***Poemas caligráficos*** (Brais Pinto, Madrid, 1979).

En 1983 afínase definitivamente en Compostela, desde onde exerceu a presidencia da Asociación de Escritores en Lingua Galega, a partir da súa primeira elección en 1982 ata a súa morte en 1999.

Nos anos noventa publica tres contos , ***O cubil do xabarín, Gorgorín e Cabezón e Ilda, o lobo, o corzo e o xabarín***, protagonizados por rapazas e rapaces, ambientados na xeografía do Courel e cunha rica linguaxe poética.

Ademais, despois dun longo silencio, (Xerais, Vigo, 1991), publica ***Poemas da doada certeza i este brillo premido entre as pálpebras*** (1994). Esta reaparición poética complétase coa publicación do poemario de temática compostelá e autoría colectiva ***Camelio xaponés*** (1995). E neste último período o poeta segue sacando á luz diversas

mostras creativas en distintos medios, como as “Lendas de a cavalo” (O Correo Galego 13-VII-1997), pertencentes á obra inédita a que o propio escritor se ten referido en distintas ocasións como Libro de Rotas/ Ameto Mítico ou simplemente Ameto Mítico., e que sairía á rúa uns días despois do seu pasamento, acaecido o 30 de outubro de 1999, baixo o título ***Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago outras rotas*** (Hércules Ediciones, A Coruña, 1999).

EDUCACIÓN INFANTIL

Aproximación ao autor, á súa terra e á súa obra

- Presentación con fotografías da serra do Courel e do propio escritor
 - . Colección simple de fotografías(sacadas das páxinas web)
 - . Presentación de diapositivas(tipo Power Point)

Lectura/audición dun poema: “Canta o cuco...”

“Canta o cuco cala e canta

Dos castiñeiros do val.

Pasa o tempo e non di nada

E volta o cuco a cantar”.

(Os Eidos)

1.- Motivación

Amosar unha lámina cunha imaxe do cuco. Falar de cando chega o cuco e do seu canto. Imitar o son do cuco.

2.- Ler o poema


- a) Lectura expresiva do/da mestre/a
- b) Os/as nenos/as aprenden o poema repetindo cada verso

3.- Ilustrar o poema

Nun folio en branco, debuxar e colorear o poema: o cuco, as árbores, o monte, as nubes, etc.



4.- Colorea o cuco



5.- Dramatización

A clase divídese en dous grupos. Un grupo recita o poema namentres o outro grupo repite o son do cuco: cu-cú, cu-cú

6.- Outros poemas



“Cai a neve cai cai

Falopiña a falopiña

Nin o vento o arremuíña

Nin a auga a desfai.”

“Pacen as vacas

Na nabarega.



Treme a pequena

Que vai co’elas.

Febreiro chove

Febreiro xea

Febreiro neva

Neve lixeira...”

7.- Poesía e música

Se tes conexión a internet e premes [aquí](#) poderás ter acceso a tres poemas cantados de Uxío Novoneyra

Os contos para nenos

Uxío Novoneyra escribe tres contos para nenos: *O cubil do xabarín*, *Gorgorín e cabezón* e *Ilda, o lobo, o corzo e o xabarín*. Están publicados por Edelvives na colección Ala delta. Podémosllos ler na hora de lectura; as ilustracións que os acompañan axudaranlles a comprendelos mellor.

EDUCACIÓN PRIMARIA

1º CICLO

No bicarelo do bico do brelo

Canta o paxariño

No mesmiño

Bicarelo do bico do brelo.

(Uxío Novoneyra. Os Eidos)

1.- Lectura do poema

2.- Falamos do poema

Cal é o protagonista destes versos? Onde te imaxinas que pode estar ese paxariño? Cales son as palabras que se repiten?

3.- Rodea o significado correcto:

Un **bicarelo** é...

Un xoguete con rodas

A parte máis alta dunha planta

Unha lambetada moi rica

Un **brelo** é...

A póla dunha árbore

Un peixe de cores

Unha verdura

4.- Copia o poema

5.- Rodea o son que se repite en todas estas palabras:

Brelo abrir cobrar lebre branco ombreiro sombra

6.- Escribe outras palabras parecidas

7.- Nunha árbore pousaron 12 paporrubios, 7 xílgaros e 5 verdeirois. Cantos paxaros había en total?

Se marchan 4 paporrubios e 2 xílgaros, cantos quedan?

8.- Dille aos teus pais ou ao mestre que che lea outro poema, imaxíno e debúxao aquí.

9.- Poesía e música

Se visitas o seguinte enderezo web podes escoitar o poema “No bicarelo...” acompañado de imaxes do Courel:

<http://centros.edu.xunta.es/ceipdalaxe>

E na seguinte ligazón podes atopar outros poemas de Uxío Novoneyra e de moitos outros poetas galegos na voz de coñecidos grupos ou cantantes:

<http://sondepoetas.blogspot.com>

10.- A hora do conto

“Ilda, o lobo, o corzo e o xabarín”

 Pedímoslles aos mestres que nos lean este fermoso e curto contiño. Non esquezaades de pedirilles que vos amosen as ilustracións

- Onde vivía Ilda?
- Que lle prometeron o xabarín e o corzo?
- Que lle prometeu o lobo?
- Ceibou os tres animais ao mesmo tempo? Por que?
- Cumpriron co que lle prometeron á moza?
- Como termina o conto? Gustouche o conto ou non? Razoa a túa resposta.

Aquí tes un fragmento do conto. Podes lelo e copialo na túa libreta:

“ Era o xabarín:

*- Dona Ilda! Se nos
devolves ó monte,
prométoche andar
tódalas*



*serras de Galicia e León e pedirlle
a tódolos xabariños que se
veñan a morar ao Courel encol do
castelo de teu pai”.*

Despois de ler e comprender o conto, divídese a clase en varios grupos. Cada un ocúpase dunha parte. Trátase de que ilustredes o conto. Nun mural podemos expoñer o resultado.

Educación Primaria

2º ciclo

UXÍO NOVONEYRA(1930-1999)

Nace en 1930 en Parada de Moreda, na serra do Courel, provincia de Lugo.

Na capital desta provincia estuda o bacharelato de 1945 a 1948.



Nos dous anos seguintes trasládase a vivir a Madrid, onde se formará intelectualmente e empezará a escribir.

No ano 1952 retorna a Galicia e será a partir deste ano cando, en contacto con escritores galegos como Manuel María e Otero Pedrayo ou o pintor Carlos Maside, empeza a comprometerse de verdade coa súa terra e a súa lingua.

En 1968 coñece en Lugo a Elva Rei coa que casará en 1973. A parella terá logo tres fillos, Branca- Petra, Uxío e Arturo, e residirá ata 1983 entre Lugo e O Courel.

En 1983 afíncase Compostela, desde presidencia da en Lingua Galega, a elección en 1982 ata a



definitivamente en onde exerceu a Asociación de Escritores partir da súa primeira súa morte en 1999.

A súa obra poética fundamental leva por título ***Os Eidos***. Nos seus poemas expresa a emoción que sente polas terras da serra do Courel, alí onde el naceu.

Outras obras súas son: ***Poemas caligráficos(1979) ou Poemas da doada certeza i este brillo premido entre as pálpebras(1994)***
Nos anos noventa do século pasado escribe e publica tres contos para nenos: ***O cubil do xabaril, Gorgorín e Cabezón e Ilda, o lobo, o corzo e o xabarín.***

Despois de ler a vida e obra de Uxío Novoneyra

1.- Subliña as partes fundamentais do texto

2.- Responde a estas preguntas

- Onde naceu o poeta ao que se lle dedica este ano o Día das Letras Galegas?

- A partir de que ano empeza a comprometerse coa súa terra e a súa lingua?
- Cita os lugares nos que viviu nalgunha época da súa vida.

- Escribe o título de tres dos seus libros

3.- Busca información nos teus libros ou na biblioteca para situar no mapa de Galicia os seguintes lugares relacionados con U. Novoneyra:



LUGO

O COUREL

SANTIAGO

Sitúa no mapa as catro provincias galegas: A Coruña, Lugo , Ourense e Pontevedra.

O CUBIL DO XABARÍN


Podemos ler este conto ben na biblioteca do centro, na biblioteca municipal, ou na hora de lectura. Se nos fixamos nas ilustracións entenderemos ben a historia. As palabras máis estrañas podémolas buscar no dicionario ou preguntando.

Aquí podes ler un fragmento:

“Aquel domingo, a expedición tiña por meta O Cubil do Xabarín, riba da valiña dos corzos, entre os espiñazos de penas que baixan da lomba da serra.

Agardaron uns por outros ata xuntarse os seis e, en trabado grupo para darse forza, como doce pernas dun só corpo, emprenden a subida cara á alta tara onde o xabarín ten cubil e cría.

Primeiro apeitaron a carroza súpeta, escavada por carros, rabaños, torbóns e séculos, deixando logo atrás tamén a pena e a cova do castro que xa tiñan explorado”.



🔍 COMPRENDO O QUE LEO

Explica con outras palabras que entendes por Cubil do xabarín.

A que lle tiña medo Rabilete?

Que pasou xusto ao chegar ó cubil do xabarín?

Que lle pasou a Portapeza?

Pasouche algunha vez algo semellante? Cóntao.



MÚSICA E POESÍA

Se tes conexión a internet e premes na seguinte ligazón podes escoitar un poema de Novoneyra cantado polo cantautor Suso Vaamonde:

<http://sondepoetas.blogspot.com/2010/03/fiandeira-namorada-uxio-novoneyra.html>


- Escoita a canción varias veces e trata de aprendela.
- Copia a canción na túa libreta de lingua. Ilústraa cun debuxo.

O poema utiliza unha estrofa moi popular, a copla. É a mesma que utilizamos para cantar os “maios” e moitas outras celebracións populares.

Cada estrofa está composta por versos que riman o segundo co

Educación Primaria

3º ciclo



Uxío Novoneyra: O poeta do Courel

- 1.- Le a biografía que aparece na páx. 4
- 2.- Elabora unha **liña do tempo** coa vida deste autor.

→ 1930	nace no Courel
→ 1945	_____
→ 1949	_____
→ 1952	_____ _____
→ 1955	_____
→ 1962	_____

3.- Clasifica os libros de Uxío Novoneyra

Poesía

Narrativa(Prosa)

4.- Le o seguinte poema

*Prados da Veiga do Xal
De Cido e da Reboleira
Onde se avista O Real
I a xente que vén da feira!*

*Iba eu polos camiños
Ora cantaba ou xubriaba
De cando en cando paraba
A varexar os espiños.*

*Tódalas tardes traguía
Gargantillas de morodos
I arandos que eu collía
En chegar comíos todos.*

(Os Eidos, 1952)

Vocabulario

Varexar.-.....

Morodos.-.....

Arandos.-.....

Comentamos o poema

- Que significan os nomes propios que aparecen ao principio?
- Cres que el coñece eses lugares?

- Que facía polos camiños?

- Pensas que lle gustaban os amorodos e os arandos? Con que frase o expresa?

- El fala do presente ou do pasado? Os verbos están en tempo:

a) Presente b) pasado c) futuro

- Teñen algunha rima estes versos? _____
Cantas estrofas ten este poema? _____

- 🌀 Pescuda se nas proximidades do colexio ou da túa casa existen prados ou veigas que teñan nome propio. Anótaos.

- 🌀 Os nomes que se refiren a lugares chámanse t _ _ _ _ _
_ _ _

5.- A poesía está en todos,-as nós.

Imaxina un lugar que che guste especialmente ou que teña un significado especial para ti. Dedícalle un poema.

O noso relevo

🌀 Proxecto

- Debuxa un mapa de Galicia e sitúa nel as serras e montañas máis importantes.
- Onde está a serra do Courel?
- Cales son os cumes máis importantes desta serra?
- Investiga se os montes de Galicia son “novos” ou “vellos” e por que.
- Lendo a biografía de Uxío Novoneyra, vemos que coñeceu e compartiu inquedanzas con **Manuel María**, o poeta da Terra Cha. Pois ben, serías capaz de situar no mapa

anterior esa área xeográfica? Busca na biblioteca algún libro dese autor e le algunha das súas poesías.

Un pouco de cálculo

Entre Marín e Folgoso do Courel hai 217 Km de distancia. Canto tardará en chegar un coche que circule a unha velocidade media de 85 Km/h.



Para ir e vir necesito 34 litros de gasóleo. Se 1 litro de gasóleo custa 1,05 euros, canto teño que gastar?



Na zona do Courel dase moi ben a castaña. Un produtor recolheu o pasado outono 650 quilogramos. Unha terceira parte eran moi pequenas e non puido vendela. O resto da produción puido vendela a 2,50 euros o quilo. Canto gañou en total?

Actividades en liña

Na seguinte [ligazón](#) poderás realizar unha divertida actividade LIM(Libro Interactivo Multimedia) sobre a súa vida, obra e O Courel:

<http://centros.edu.xunta.es/ceipcondesadefenosa/bibliocondesa>

Webquest

Unha nova actividade en liña que precisa de máis elaboración:

<http://centros.edu.xunta.es/ceipdeandrade/actividades/webquest/Plantilla%20Webquest/index.htm>

Aquí podemos realizar outra actividade LIM(elaborada polo seminario Galán):

<http://seminariogalan.org/inicio/ver/124>

<http://seminariogalan.org/inicio/ver/135>

Caderno actividades 3º Ciclo Prim

Algo de música

Na seguinte ligazón atoparás un sinfín de poemas aos que lles puxeron música os nosos cantantes(Suso Vaamonde, Emilio Cao, Miro Casabella, etc.), entre eles tres de Uxío Novoneyra:

<http://sondepoetas.blogspot.com>

tres poemas cantados

Marín, 12 de abril de 2010

ENDL



ORGULLOS  **S**
DO NOSO
ORGULLOS  **S**
DO GALEGO



coordinadora galega
de equipos
de normalización e
dinamización lingüística

www.coordinadoraendl.org